

ABRACADABRA

DINOSAUROS DE PELÍCULA

**PASATEMPOS: SOPA DE
LETRAS, CHISTES, DIFERENZAS...**

**MANUALIDADE:
COMEDIRO DE PAXAROS**

QUE HAI DE NOVO?



Deputación
DA CORUÑA

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

DINOSAUROS DE PELICULA



Como?, e que máis? Ah! Ola! Estou abraido, pero moitísimo. É que non dou crédito... Son a inxenuidade feita persoa. Sabiades que os T- Rex tiñan unha vista estupenda? Ah! Si. Perdoade. Póñoovos en situación. Resulta que estabamos o xoves pasado falando do tema da evolución. Si, vale, cada un coas súas *frikadas*... e alguén comentou algo dos dinosauros e alá fomos todos. E que saquei desta conversa, con google-investigación incluída? Que non podo crer todo o que sae pola tele. Non, se xa mo dicía a miña nai...

Pois ben, resulta que, sen ir máis lonxe, Parque Xurásico, unha das miñas pelis de culto, está chea de invencións, por dicilo dalgún modo. Si, xa sei que é unha película de ficción, pero de ciencia-ficción!!!, e supuxen que estaría baseada en feitos científicos contrastados.

Mal suposto. Aínda que tamén podería ser que moitas cousas aínda non se sabían en 1990, cando Michael Crichton escribiu o libro no que se baseou a película Parque Xurásico...

De todos os xeitos, vou contar algúns dos erros que atopei. Para empezar, a maioría dos dinosauros que saen son do período Cretáceo, non do Xurásico. Como puíden pasar iso por alto?... Pero, é que iso é só o principio.

Acordádesvos das minas de ámbar de Costa Rica, onde supostamente atoparon os mosquitos con ADN de dinosauro? Pois, aínda que si que existen, datan do mioceno ao oligoceno, é dicir, creáronse case 30 millóns de anos despois da extinción dos dinosauros. Así que dubido que ningún mosquito atrapado nelas convivise con ningún dinosauro. Pero, é que aínda que así sucedese, resulta que un grupo de investigadores das universidades de Copenhague, en Dinamarca, e Perth, en Australia, calcularon que, tras 521 anos, só se conserva o 50 por cento do ADN nos fósiles. E se o fósil se conserva nun estado ideal (a unha temperatura de -5°C), o ADN podería aguantar ata 6,8 millóns de anos. Tempo insuficiente, se temos en conta que a extinción da maioría de dinosauros se produciu hai, aproximadamente, 66 millóns de anos. Xa me parecía raro que nunca tentasen crear algún, aínda que fose dos máis inofensivos... Ahhh! e o de completar as cadeas de ADN coas dunha ra... pésima idea! As ras son anfíbios e os dinosauros son os antepasados das aves. Non digo máis.

Pero volvamos aos dinosauros... Os braquiosauros non se levantaban en dúas patas para alcanzar as ramas máis altas, para iso xa tiñan os seus pescozos xigantes. Se se parasen en dúas patas, romperíanas. Os velociraptors tiñan plumas. O dilofosauro, que é o dinosauro que ataca a Dennis Nedry, o informático que provoca o fallo de seguridade, non tiña a capacidade de cuspir ningún tipo de ácido. O T- Rex en óptimas condicións podería alcanzar como máximo os 19-20 Km/h e non 72. Así que nunha situación problemática non sería tan desatinado tentar escapar correndo. A velocidade media, ao camiñar, dun humano é de 5 km/h, ao trotar de 6 km/h e ao correr 20 km/h. De feito, a zooloxista Myriam Hirt, unha das investigadoras do Centro de Investigación da Biodiversidade de Leipzig, Alemaña, comenta que "é moi probable que o Tyrannosaurus fose un corredor lento". E, como non, o T- Rex tiña tanto unha vista como un sentido do olfacto moi bos!, así que permanecer inmóbil non sería unha solución moi recomendable.

Todo isto lévame a pensar... cantas cousas daremos por certas no cinema que en realidade non o son? O nerviosismo e a ansiedade están a apoderarse de min... Isto require, sen dúbida, dun gran traballo de investigación... Ufff, que tarde é! Ben, queda pendente para outro número. Pero tranquilos, chegaremos ao fondo de todo. A partir de agora veremos o cinema con outros ollos. Ah, por certo, se alguén quere formar parte do meu superequipo de investigación pode deixar todo o que atope sobre este tema na sección Xuvenil da Biblioteca. Acordádevos de dicir tamén as vosas fontes de información. Estamos en contacto.

E lembrade: A verdade está aí fóra... Ata o próximo número!!

5 DIFERENZAS*

Atopa as 5 diferenzas e ten conta de que non te papen no intento.



Solucións para os pasatempos marcados cun * na derradeira páxina.

CHISTES

Aquí están os chistes más esperados para rir a esgalla:

En un prestigioso museo antropológico el guía se dirige a los turistas:

- Bueno y aquí tenemos el esqueleto de un Tiranosaurus Rex que tiene aproximadamente 65 millones de años y 15 días.

Un turista sorprendido pregunta:

- Señor, ¿cómo sabe usted la edad con tanta precisión?

- Pues... cuando entré a trabajar me dijeron que tenía 65 millones años... y hace ya 15 días que trabajo.

¿Por qué el pollo cruzó la carretera?
Para llegar a la otra acera

Un niño va a pescar con su padre y vuelve con la cara toda roja.

La madre, asustada, pregunta:

-Hijo. ¿Que sucedió?

-Fue un mosquito muy grande...

- ¿ Y te picó?

-No tuvo tiempo, papá lo mató con el remo.

¿Cómo se llama el dinosaurio más rápido?
El Pronto-saurio.

¿Cómo sabes que hay un Tiranosaurus debajo de tu cama?
Porque tu nariz toca el techo

¿Por qué el dinosaurio cruzó la carretera?
¡Porque el pollo no había evolucionado todavía!

¿Qué significan las siglas ADN?
Asociación Nacional de Disléxicos

¿Cuántos dinosaurios caben dentro de una ballena?
Ninguno porque va llena.



ENIGMA*

Non sexas dinosauro e pensa un pouco con este enigma que che propoñemos.

Un granxeiro ten 25 galiñas, 5 coellos e 10 porcos.
Se chamamos "coellos" aos "porcos", cantos coellos terá?

SOPA DE LETRAS*

Nesta sopa de letras están agochados 7 dinosauros.
Sodes quen de atopalos?

u	r	u	s	t	a	d	p	a	r	u	s	i	u	t
s	u	a	d	i	p	l	o	d	o	c	u	s	r	a
u	r	s	e	y	o	g	f	i	r	t	u	c	o	s
r	i	u	m	a	t	u	d	r	u	r	g	a	l	u
l	f	t	e	s	a	d	i	f	u	i	e	m	x	r
a	e	h	t	u	y	o	q	a	z	c	ñ	e	h	u
h	k	u	h	h	i	c	s	b	o	e	d	r	i	a
d	i	l	o	p	h	o	s	a	u	r	u	s	f	s
a	s	e	n	h	g	l	i	t	h	a	b	o	u	o
f	o	k	i	e	r	i	m	f	a	t	i	p	i	l
u	r	u	t	s	u	r	u	a	s	o	t	a	p	a
y	i	s	u	i	j	e	p	h	o	p	h	r	e	g
o	g	a	l	l	i	m	i	m	u	s	i	o	c	e
f	e	h	u	m	h	o	p	i	t	h	u	r	y	m

COMEDEIRO DE PAXAROS

QUE NECESITAS?

- 1 botella de plástico de 50 cl.
- 1 Culler de madeira de mango redondo (duns 20cm. de longo)
- Cordel
- Barrena
- Cinta adhesiva de cores
- Cúter
- Rotulador
- Alpiste

COMO SE FAI?

1. Limpa e seca ben a botella.
2. A 4 cm. da base e coa axuda dun adulto, fai unha cruz de 1,5 cm. cun cúter.
3. Xusto ao outro lado da botella, pero medio centímetro máis abaixo, debuxa unha media circunferencia de 2 cm. de diámetro. Pide de novo a axuda dun adulto para que a recorte cun cúter (pódele quentar para que sexa máis sinxelo de cortar).
4. Pasa o mango da culler de madeira pola media circunferencia e logo pola cruz, para que quede como se ve na foto.
5. Decora a botella con cinta adhesiva de cores.
6. Fai un buraco no tapón coa barrena e introduce por el un cordel. Átao con varios nós e cólga dunha árbore ou balcón.
7. Enche a botella con alpiste e enróscaa no tapón que colgaches.



Esta e outras manualidades pódelas atopar no libro:

"111 actividades contra el aburrimiento: manualidades, recetas, experimentos, curiosidades y otras ideas para los días sin cole" / Eli Flos. SINATURA 379 FLO cie/v.

